



DECRETO DE ALCALDÍA

ASUNTO: COVID-19 MEDIDAS ADOPTADAS POLO CONCELLO DE BOIMORTO.-

Considerando a emerxencia de saúde pública motivada polo COVID-19 e en consonancia coas medidas adoptadas polas autoridades sanitarias da Administración estatal e autonómica.

Vistas as directrices publicadas no DOG 49-BIS de data 12/03/2020 como consecuencia da citada situación epidemiolóxica.

En consecuencia, polo presente e en exercicio das facultades que me atribúe a normativa do réxime local,

ACORDO:

PRIMEIRO.- Adoptar as seguintes MEDIDAS e RECOMENDACIÓNS que se manterán vixentes ata novo aviso:

MEDIDAS:

- Suspende dende hoxe todas as actividades municipais e aquelas que se celebren en instalacións municipais.
- Suspende a Feira mensual que se celebra o primeiro xoves de mes así como a Feira MAGRECO 2020 que se tiña previsto celebrar o vindeiro 28-29 de marzo
- Pechar ao público o centro social de maiores e suspende o transporte polas parroquias.
- Suspende a actividade do Centro de Día dende o día 13/03/2020 e do Punto de Atención á Infancia dende o vindeiro día 16/03/2020.
- Na área deportiva, o Concello pechará as instalacións municipais como o pavillón polideportivo, o ximnasio e o campo de fútbol.
- Que a prestación do servizo de axuda no fogar e dos servizos sociais do Concello de Boimorto se leve a cabo por parte do persoal do departamento de conformidade ao Protocolo conxunto da Consellería da Consellería de Política Social e da Consellería de Sanidade para centros de servizos sociais como consecuencia da situación e evolución do coronavirus (COVID-19).

RECOMENDACIÓNS:

- Desde o Concello recoméndase aos veciños/as asistir ás oficinas municipais só en caso de tramitacións urxentes; ademais instase aos mesmos ao emprego de medios telemáticos para realizar os anteditos trámites.
- Incídese na necesidade de evitar aglomeracións e seguir as instrucións oportunas decretadas polos organismos competentes e

actuar con responsabilidade e facer caso ás medidas de prevención recomendadas.

SEGUNDO.- As anteditas medidas e recomendacións poderán ser ampliadas ou reducidas en función das directrices que establezan as autoridades sanitarias competentes.

TERCEIRO.- Publicar o presente decreto aos efectos da súa difusión na web municipal, no taboleiro de edictos dixital da sede electrónica municipal e no taboleiro físico do Concello de Boimorto así como calquera outro medio de comunicación municipal coa finalidade da súa máxima difusión.

CUARTO.- Igualmente dar traslado do presente decreto a todos os departamentos do Concello de Boimorto e especialmente ao departamento de Servizos sociais, aos efectos do seu coñecemento.

Decreto unido a Alcaldía en Boimorto a data da sinatura dixital, do que eu, Sr. Secretario deste Concello dou fé e traslado.